



SOMOS O QUE LEMOS

Un ciclo de literatura dirixido por Javier Pintor na

FUNDACIÓN



LUIS SEOANE

Mércores 30 de outubro, 19:30 horas

PRESENTACIÓN


Manuel Vilas

conversará co xornalista

Miguel Giráldez e con Javier Pintor

ENTRADA LIBRE

Aforo limitado



Manuel Vilas

Manuel Vilas (Barbastro, 1962) é autor de seis poemarios. A súa obra lírica compilouse en **Amor** (2010), **Poesía completa** (2016) e **Una sola vida** (2022). A súa obra narrativa comeza con **España**, á que seguen **Aire nuestro**, **Los inmortales**, **El luminoso regalo** e os libros de relatos **Zeta** e **Setecientos millones de rinocerontes**. É autor do libro de viaxes **América**, de **Listen to me** e de **Lou Reed era español**. A súa novela **Ordesa** (2018) traducíuse a máis de vinte linguas e foi elixida libro do ano por Babelia, obtindo o Premio Femina, concedido en Francia á mellor novela estranxeira. **Alegría** (2019) foi novela finalista do Premio Planeta. En 2021 publica **Los besos** e en 2023 **Nosotros**, pola que recibirá o Premio Nadal de Novela.

El mejor libro del mundo (Destino, 2024)

Nesta novela de inspiración autobiográfica o autor relata a historia dun escritor que se ergue todas as mañás, almorza e vai traballar á súa oficina particular para crear o que agarda sexa o mellor libro do mundo. Nesta divertida historia, Vilas conta a todo o mundo quen e que é un escritor desde un lugar distinto, desde a súa fragilidade: o síndrome do impostor, a constante comparación cos demais, as decepcións, a incertidume, convivir coa alegría e o fracaso, e así ata os seus derradeiros días.

SOMOS O QUE LEMOS

Un ciclo de literatura dirixido por Javier Pintor na
FUNDACIÓN  LUIS SEOANE